

NORMATIVA PARA A XESTIÓN E O USO DOS ARMARIOS DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(Aprobada pola Xunta de Facultade de data 27 de xullo de 2018)

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto da presente normativa é a regulación da xestión e o uso dos armarios situados ao carón da Biblioteca, no andar baixo da Facultade de Dereito, para que os membros da comunidade universitaria podan depositar neles material de carácter académico e persoal.

Artigo 2. *Comisión de armarios*

1. Constituirase unha Comisión de armarios, que estará integrada polo Decano da Facultade (Presidente), o Vicedecano de estudantes e ordenación académica e un representante de cada asociación estudantil representada na Xunta do Centro (Vocais) e o Secretario da Facultade (Secretario).

2. Son funcións da Comisión de armarios:

- a) Supervisar o cumprimento da presente normativa.
- b) Establecer, en cada curso académico, o prazo de presentación de solicitudes para o uso dos armarios así como os criterios específicos de adxudicación.
- c) Resolver as solicitudes presentadas.
- d) Acordar, no seu caso, a suspensión do uso dos armarios.
- e) Acordar a apertura de oficio dos armarios.

Artigo 3. *Usuarios*

1. O uso dos armarios estará reservado aos estudantes e aos profesores e investigadores visitantes da Facultade de Dereito.

2. Con carácter xeral, reservarase aos profesores e investigadores visitantes o uso de tres armarios.

Artigo 4. *Condicións xerais do uso*

1. O usuario comprometerase ao coidado permanente do armario que lle corresponda e a non depositar no mesmo elementos ou substancias inflamables, perigosas, ilegais ou molestas, nin que poidan danar o mobiliario.

2. Para poder desfrutar do servizo, o usuario deberá depositar, con carácter previo, unha fianza de 30 €. O devandito importe seralle devolto ao vencer o período de uso, se o adxudicatario entrega a chave e o armario está en perfecto estado.

3. O uso dos armarios terá unha duración máxima dun curso, de acordo co calendario académico oficial da Universidade.

Artigo 5. *Suspensión do uso*

1. O incumprimento das condicións xerais de uso poderá ser causa de suspensión, temporal ou definitiva, do dereito de uso, sen prexuízo doutras actuacións que puidesen derivarse polo uso inadecuado dos armarios.

2. A suspensión temporal abarca o resto do período polo que se solicitar o uso do armario.

3. A reincidencia de suspensión temporal suporá a suspensión definitiva, que implica a imposibilidade de volver a solicitar o uso do armario.

Artigo 6. *Apertura dos armarios*

1. A Comisión de armarios resérvase a posibilidade de verificar o interior dos armarios en presenza do usuario, cando existan razóns que aconsellen este control.
2. Os armarios tamén poderán ser abertos de oficio se, finalizado o período do uso, o usuario non baleira o armario e/ou non devolve as chaves. O contido dos armarios será depositado no almacén da Facultade por un prazo máximo dun mes.

Artigo 7. *Exención de responsabilidade da Facultade de Dereito*

A Facultade de Dereito da Universidade da Coruña exonérase totalmente de calquera responsabilidade derivada dos danos ou da desaparición dos elementos depositados nos armarios habilitados.

CAPÍTULO II Xestión e Procedemento

Artigo 8. *Xestión*

A xestión ordinaria do uso dos armarios corresponderá ás asociacións de estudantes con representación na Xunta do Centro.

Artigo 9. *Solicitud*

1. A solicitude de asignación do armario presentarase en cada curso académico, no período que a Comisión de armarios determine.
2. Na solicitude deberán figurar os datos persoais, a titulación que se está a cursar, o tempo polo que se solicita o armario, as circunstancias que xustificarian unha asignación preferente, o enderezo postal, o correo electrónico institucional de contacto e o número de teléfono do solicitante.

Artigo 10. *Criterios preferentes de adxudicación*

1. Concederase o uso preferente dos armarios ás persoas con mobilidade reducida, en condicións que faciliten a súa accesibilidade.
2. Subsidiariamente terán prioridade aqueles solicitantes que non desfrutaran do uso dos armarios en convocatorias anteriores.

Artigo 11. *Resolución e publicación de adxudicatarios*

1. Rematado o período de presentación de solicitudes, a Comisión de armarios publicará unha resolución provisional cos adxudicatarios e coa listaxe de agarda, no prazo máximo de cinco días lectivos.
2. A resolución da Comisión poderá ser recorrida ante a mesma Comisión no prazo de cinco días lectivos contados dende o día seguinte á data da súa publicación. A Comisión deberá resolver os recursos no prazo máximo de cinco días lectivos.
3. Transcorrido o período de impugnación e, no seu caso, resoltas as reclamacións, a Comisión de armarios publicará a listaxe definitiva de adxudicatarios de armarios e a correspondente listaxe de agarda.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro da Facultade.